



# A ASISTENCIA PERSOAL

Unha ferramenta de apoio para a vida independente das persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento

Formación online **dirixida** a familias e persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

A formación será os **seguintes días** dos meses de setembro e outubro:

- Martes 28 de setembro
- Xoves 30 de setembro
- Martes 5 de outubro
- Xoves 7 de outubro

O **horario das sesións** será de 5 a 7 da tarde.

---

# Por que é de interese?

---

- As persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento teñen dereito a dispoñer de apoios que os axuden na construción do seu proxecto de vida.
- A Asistencia Persoal é unha ferramenta que pretende axudar a que as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento poidan levar unha vida independente.

## Esta formación pretende:

- Visibilizar a figura do Asistente Persoal.
- Definir en que consiste e como pode axudarnos, como familiar ou persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento, no proceso de construción dunha vida independente.

---

# Obxectivos da formación

---

Algúns dos **obxectivos** que ten esta formación son:

- Analizar a esencia da vida independente como meta de todas as persoas.
- Coñecer a figura da Asistencia Persoal como ferramenta para a vida independente.
- Analizar a relación de apoio dende a Asistencia Persoal.
- Definir co grupo o tipo de Asistencia Persoal que queremos.

---

# Persoas que a imparten

---



**Belén Martínez**

Formadora e consultora experta  
en procesos de acompañamento á Vida Independente.



**María José de Antonio**

Psicóloga.  
Experta por experiencia.  
Activista na loita polos dereitos  
das persoas con discapacidade intelectual  
ou do desenvolvemento.

---

# Contidos da formación

---

## **Sesión 1: Vida independente: unha meta de todas as persoas**

- Vida independente como proceso vital humano.
- Claves da vida independente (poder e control, participación na comunidade e redes de relacións persoais).

**Esta sesión será o martes, 28 de setembro, de 5 a 7 da tarde.**

## **Sesión 2: A Asistencia Persoal: unha ferramenta para a vida independente**

- Que é un Asistente Persoal?
- Espacios de traballo do Asistente Persoal.
- Relación co Asistente Persoal.
- Perfil do Asistente Persoal.

**Esta sesión será o xoves, 30 de setembro, de 5 a 7 da tarde.**

## **Sesión 3: A Asistencia Persoal no día a día**

- Funcións e tarefas do Asistente Persoal.
- O apoio á toma de decisións.
- Asistencia Persoal e familias.

**Esta sesión será o martes, 5 de outubro, de 5 a 7 da tarde.**

## **Sesión 4: Experiencias de Asistencia Persoal e retos a afrontar**

**Esta sesión será o xoves, 7 de outubro, de 5 a 7 da tarde.**

---

# Outra información de interese

---

## **Modalidade de realización**

O curso será online, a través da plataforma Zoom.

## **Material necesario**

Un ordenador, tablet ou móbil con acceso a Internet.

## **Recomendacións**

Recomendamos conectarse dende un lugar tranquilo donde non haxa interrupcións.

## **Gravación das sesións**

As sesións serán gravadas para facilitar o acceso á información a aquelas persoas que non poidan conectarse a todas as sesións por dispoñibilidade horaria.

## **Outra información**

Poderanse enviar dúbidas e comentarios ao técnico responsable de FADEMGA para que llas achegue ás docentes.



# Inscripción

Para poder participar na formación é imprescindible enviar a ficha de inscrición cuberta e asinada.

A ficha de inscrición debe mandarse ao seguinte correo:  
**areasocial@fademga.org**

O prazo para enviar a ficha de inscrición remata o **23 de setembro**.

Unha vez rematado o prazo as persoas inscritas recibirán un correo co enlace de zoom que necesitan para conectarse á formación.

Se te inscribiches e non che chega ningún correo chama ao 981519650 ou envía un correo a [areasocial@fademga.org](mailto:areasocial@fademga.org)

**Organiza:**



**Financian:**



**XUNTA  
DE GALICIA**